




1997



SODIGA



**SODIGA**  
**97**

---

.....

## MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Ao 31 DE DECEMBRO DE 1997


**PRESIDENTE** D. José Luis Fernández García

**VICEPRESIDENTE** XUNTA DE GALICIA,  
representada por D. Joaquín del Moral Crespo

**VOCALIS** INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE),  
representado por D. Diego Díz Fernández  
D. José Antonio Gómez Segade  
D. Juan Ramón Otero Llovo  
Dona Margarita Rodríguez Rama  
D. Víctor Tello Calvo  
D. José Vidal Rey  
D. Fernando Díaz Fernández  
D. Gregorio Gorriarán Laza

**SECRETARIO** D. Fernando García Agudín









.....

## COMPOSICIÓN DO CAPITAL SOCIAL


AO 31 DE DECEMBRO DE 1997

| ACCIONISTAS                                   | IMPORTE (PTS.) | %     |
|-----------------------------------------------|----------------|-------|
| IGAPE                                         | 1.683.006.000  | 46,19 |
| XUNTA DE GALICIA                              | 743.846.000    | 20,41 |
| CAIXA GALICIA                                 | 341.025.000    | 9,36  |
| CAIXA VIGO                                    | 257.371.000    | 7,06  |
| CAIXA OURENSE                                 | 181.258.000    | 4,98  |
| BANCO PASTOR                                  | 156.674.000    | 4,30  |
| BANCO BILBAO VIZCAYA                          | 102.565.000    | 2,82  |
| CAIXA PONTEVEDRA                              | 71.170.000     | 1,95  |
| SOCIÉTÉ DE DEVELOPPEMENT RÉGIONAL DE BRETAGNE | 36.438.000     | 1,00  |
| SOCIÉTÉ DE DEVELOPPEMENT RÉGIONAL DE L'OUEST  | 36.438.000     | 1,00  |
| BANCO EXTERIOR DE ESPAÑA                      | 33.993.000     | 0,93  |
| TOTAIS                                        | 3.643.784.000  | 100   |











.....

## ORDE DO DÍA

### XUNTA XERAL ORDINARIA DE ACCIONISTAS EXERCICIO 1997

- .....
- 1 Exame e aprobación, se procede, da Memoria, Balanzo e Conta de Perdas e Ganancias e Informe de Xestión correspondentes ao exercicio 1997 e, así mesmo, da Xestión do Consello de Administración.
  - .....
  - 2 Acordo sobre a Proposta de Aplicación do Resultado.
  - .....
  - 3 Renovación e Ratificación de Conselleiros.
  - .....
  - 4 Aprobación da Acta e, se é o caso, designación dos Interventores para tal aprobación.



.....

## INFORME ANUAL

BALANZO

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

INFORMACIÓN XERAL

MEMORIA DE ACTIVIDADES

## Activo

|                                              | 1997                 | 1996                 |
|----------------------------------------------|----------------------|----------------------|
| <b>B) INMOBILIZADO</b>                       | <b>4.033.872.823</b> | <b>3.433.567.600</b> |
| II. INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS              | 1.371.430            | 179.222              |
| III. INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS               | 190.138.424          | 164.576.410          |
| Terreos e bens naturais                      | 106.175.535          | 76.175.535           |
| Construcións varias                          | 93.774.506           | 93.774.506           |
| Outras instalacións                          | 6.343.891            | 6.343.891            |
| Mobiliario                                   | 18.716.446           | 18.499.758           |
| Equipos procesamento da información          | 17.951.980           | 14.796.164           |
| Elementos de transporte                      | 5.531.617            | 5.511.617            |
| Outro inmovilizado material                  | 5.959.134            | 5.833.344            |
| Amortización acumulada inmovilizado material | (64.314.685)         | (56.358.405)         |
| IV. INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS              | 3.811.099.858        | 3.247.412.836        |
| Investimentos en capital                     | 2.052.721.084        | 1.597.128.244        |
| Anticipos de desinvestimentos en capital     | (16.772.299)         | (10.891.642)         |
| Obrigacións subscritas                       | 1.200.000.000        | 1.200.000.000        |
| Préstamos a empresas participadas            | 931.367.298          | 792.095.455          |
| Revaluación de investimentos en capital      | 76.679.764           | 95.568.707           |
| Provisión depreciacións financeiras          | (431.037.919)        | (425.083.053)        |
| Autoseguro sobre participacións              | (1.858.070)          | (1.404.875)          |
| VI. DÉBEDAS A LONGO PRAZO                    | 31.263.111           | 21.399.132           |
| Por desinvestimentos                         | 31.263.111           | 21.399.132           |
| <b>D) CIRCULANTE</b>                         | <b>1.621.662.106</b> | <b>1.834.778.433</b> |
| III. DEBEDORES                               | 460.659.995          | 544.132.004          |
| Amortizacións de préstamos vencidas          | 209.616.805          | 288.392.178          |
| Por operacións con participadas              | 44.455.242           | 62.334.171           |
| Por desinvestimentos                         | 84.486.186           | 88.524.682           |
| Por efectos devoltos                         | 56.622.504           | 42.349.144           |
| Entidades públicas debedoras                 | 26.015.139           | 8.349.387            |
| Persoal e outros debedores                   | 39.464.119           | 54.182.442           |
| IV. INVESTIMENTOS FINANCEIROS TEMPORAIS      | 1.014.268.354        | 995.104.440          |
| VI. TESOURARÍA                               | 138.460.815          | 292.259.805          |
| Bancos contas correntes                      | 138.060.815          | 291.859.805          |
| Caixa                                        | 400.000              | 400.000              |
| VII. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN             | 8.272.942            | 3.282.184            |
| <b>TOTAL ACTIVO</b>                          | <b>5.655.534.929</b> | <b>5.268.346.033</b> |
| <b>CONTAS DE ORDE</b>                        | <b>11.350.668</b>    | <b>11.350.668</b>    |



## Pasivo

|                                                      | 1997                 | 1996                 |
|------------------------------------------------------|----------------------|----------------------|
| <b>A) FONDOS PROPIOS</b>                             | <b>4.245.527.858</b> | <b>4.195.653.956</b> |
| I. CAPITAL SUBSCRITO                                 | 3.643.784.000        | 3.643.784.000        |
| III. RESERVA DE REVALORIZACIÓN                       | 43.315.811           | 43.315.811           |
| IV. RESERVAS                                         | 490.335.225          | 409.495.093          |
| Reservas Legais                                      | 91.826.799           | 81.920.894           |
| Reservas voluntarias                                 | 398.508.426          | 327.574.199          |
| VI. PERDAS E GANANCIAS                               | 68.092.822           | 99.059.052           |
| <b>B) INGRESOS A DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS</b> | <b>1.335.061.772</b> | <b>999.759.431</b>   |
| I. SUBVENCIONES DE CAPITAL                           | 1.335.061.772        | 999.759.431          |
| <b>D) ACREDORES A LONGO PRAZO</b>                    | <b>5.800.000</b>     | <b>—</b>             |
| IV. OUTROS ACREDORES                                 | 5.800.000            | —                    |
| <b>E) ACREDORES A CURTO PRAZO</b>                    | <b>69.145.299</b>    | <b>72.932.646</b>    |
| IV. ACREDORES COMERCIAIS                             | 3.465.760            | 4.266.800            |
| V. OUTRAS DÉBEDAS NON COMERCIAIS                     | 65.679.539           | 68.665.846           |
| Entidades públicas acreedoras                        | 12.670.902           | 16.364.178           |
| Acredores diversos                                   | 53.008.637           | 52.301.668           |
| VII. AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN                     | —                    | —                    |
| <b>TOTAL PASIVO</b>                                  | <b>5.655.534.929</b> | <b>5.268.346.033</b> |
| <b>CONTAS DE ORDE</b>                                | <b>11.350.668</b>    | <b>11.350.668</b>    |

# CONTA DE PERDAS E GANANCIAS AO 31 DECEMBRO

## Debe

1997

1996

### A) GASTOS

#### GASTOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS

|                                                           |             |             |
|-----------------------------------------------------------|-------------|-------------|
| 3. GASTOS DE PERSOAL                                      | 170.108.729 | 165.684.834 |
| Soldos e salarios                                         | 137.422.716 | 134.748.404 |
| Cargas sociais                                            | 32.686.013  | 30.936.430  |
| 4. DOTACIÓNS PARA AMORTIZACIÓNS DE INMOBILIZADO MATERIAL  | 8.247.397   | 4.634.991   |
| 6. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN                           | 50.049.145  | 40.231.593  |
| Consello, servizos e outros                               | 50.049.145  | 40.231.593  |
| 8. VARIACIÓNS DAS PROVISIÓNS DE INVESTIMENTOS FINANCEIROS | 53.453.195  | 77.031.396  |
| Dotación a provisións                                     | 53.453.195  | 77.031.396  |
| 9. DIFERENCIAS NEGATIVAS DE CAMBIO                        | 8.570       | 2.590       |

TOTAL GASTOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS 281.867.036 287.585.404

III. BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS 39.938.594 110.522.518

#### PERDAS E GASTOS EXTRAORDINARIOS

14. GASTOS E PERDAS DE OUTROS EJERCICIOS 4.119.863 2.250.033

TOTAL GASTOS EXTRAORDINARIOS 4.119.863 2.250.033

IV. RESULTADOS EXTRAORDINARIOS POSITIVOS 44.320.190 20.103.984

V. BENEFICIOS ANTES DE IMPOSTOS 84.258.784 130.626.502

15. IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES 16.165.962 31.567.450

VI. RESULTADO DO EXERCICIO (BENEFICIOS) 68.092.822 99.059.052





# Haber

1997

1996

## B) INGRESOS

### INGRESOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS

|                                                  |                    |                    |
|--------------------------------------------------|--------------------|--------------------|
| <b>1. INGRESOS FINANCIEROS</b>                   | <b>310.251.318</b> | <b>379.946.973</b> |
| Ingresos de participacións                       | 79.161.589         | 96.229.526         |
| Ingresos de préstamos                            | 66.418.875         | 98.533.502         |
| Ingresos por xuros diferidos                     | 7.586.049          | 7.757.399          |
| Ingresos por investimentos financeiros temporais | 59.797.694         | 91.426.558         |
| Xuros de obrigacións                             | 95.999.988         | 85.999.988         |
| Outros ingresos financeiros                      | 1.287.123          | -                  |
| <b>2. OUTROS INGRESOS</b>                        | <b>11.554.312</b>  | <b>18.160.949</b>  |
| Comisións, servizos e outros                     | 11.554.312         | 18.160.949         |

|                                                  |                    |                    |
|--------------------------------------------------|--------------------|--------------------|
| <b>TOTAL INGRESOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS</b> | <b>321.805.630</b> | <b>398.107.922</b> |
|--------------------------------------------------|--------------------|--------------------|

### BENEFICIOS E INGRESOS EXTRAORDINARIOS

|                                                     |                   |                   |
|-----------------------------------------------------|-------------------|-------------------|
| <b>11. SUBVENCIONES DE CAPITAL</b>                  | <b>32.197.659</b> | <b>10.240.569</b> |
| <b>12. INGRESOS EXTRAORDINARIOS</b>                 | <b>89.500</b>     | <b>1.791</b>      |
| <b>13. INGRESOS E BENEFICIOS DOUTROS EJERCICIOS</b> | <b>16.152.894</b> | <b>12.111.657</b> |

|                                       |                   |                   |
|---------------------------------------|-------------------|-------------------|
| <b>TOTAL INGRESOS EXTRAORDINARIOS</b> | <b>48.440.053</b> | <b>22.354.017</b> |
|---------------------------------------|-------------------|-------------------|







.....

# INFORMACIÓN XERAL

## ACTIVIDADE DA SOCIEDADE

A SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DE GALICIA, S.A. foi constituída, ao abeiro do Decreto 2182 do 21 de xullo de 1972, o 14 de novembro do mesmo ano, e configurada xuridicamente como Sociedade Anónima por tempo indefinido.

O obxecto social é a promoción e impulso do desenvolvemento industrial de Galicia mediante o investimento financeiro, o asesoramento, o fornecemento de servizos, a elaboración de estudos e calisquer outras actividades encamiñadas ao cumprimento do seu obxecto social.

O domicilio social encóntrase en 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), rúa Ourense, nº 6.

## BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

As contas anuais elaboráronse a partir dos rexistros contábeis de SODIGA, téndose aplicado as disposicións legais vixentes en materia contábel co obxecto de mostrar unha imaxe fiel do patrimonio, situación financeira e resultados obtidos pola Sociedade.

## NORMAS DE VALORACIÓN

**INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS.** Están constituídas pola marca e rótulo de establecemento da Sociedade, valoradas ó seu custo orixinario actualizado pola taxa quinquenal cargada polo Rexistro da Propiedade Industrial, máis o valor das aplicacións informáticas. O período de amortización destes activos inmateriais é de catro anos.

**INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS.** Rexístranse polo seu custo de adquisición regularizado de acordo coas disposicións vixentes.

A amortización calcúlase mediante o método lineal, en función dos anos de vida útil legalmente estimados para os diferentes elementos do activo, de acordo co detalle seguinte:

| Activos amortizábeis      | Anos de vida útil estimados |
|---------------------------|-----------------------------|
| Edificios                 | 50                          |
| Instalacións e mobiliario | 10                          |
| Equipos de oficina        | 5                           |
| Elementos de transporte   | 8                           |

**INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS.** Os títulos correspondentes ás accións rexístranse polo seu prezo de adquisición.

Os préstamos concedidos ás empresas participadas rexístranse polo seu valor de concesión.

O principal dos préstamos vencidos así como os xuros vencidos dos mesmos, preséntanse no epígrafe de Debedores no balanzo de situación.



.....

As revalorizacións dos investimentos no capital daquelas accións sometidas a contrato de promesa de compraventa a prazo con cláusula de revalorización, rexístranse polo importe da revaluación devenida á data do balanço.

Non se recollen no balanço as plusvalías latentes nas empresas con participación non suxeita a contrato de compraventa a prazo con cláusula de revaluación cando o seu valor contábel supere o de adquisición.

Os valores de renda fixa a longo prazo figuran valorados ao seu prezo de adquisición.

A Sociedade segue o criterio de dotar provisións específicas para a cobertura da depreciación da carteira e os riscos de insolvencia dos préstamos, así como para calisquer outros activos financeiros de dúbida realización.

Nalgunhas sociedades constitúense garantías adicionais sobre o investimento financeiro en participacións e préstamos mediante un convenio de afianzamento suscrito coa Compañía Española de Reafianzamiento (antes Sociedad Mixta de Segundo Aval). Unha parte desta cobertura materialízase nun autoseguro sobre as participacións afianzadas pola Compañía Española de Reafianzamiento.

**CONVENIO DE COOPERACIÓN FINANCEIRA.** A Sociedade ten suscrito un convenio de colaboración financeira co IGAPE, polo cal recibe subvencións de capital de carácter non reintegrabel que teñen que destinarse ao financiamento de operacións de investimento especiais, entendendo por éstas aquelas con riscos máis elevados que os normalmente admitidos pola sociedade ou con períodos de maduración ou amortización superiores aos do resto de investimentos.

Estas subvencións impútanse a resultados en función das provisións dotadas á carteira de investimentos financiados coas mesmas.

**IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES.** SODIGA desfruta dun marco fiscal específico regulado polo *Régimen Fiscal de las Sociedades de Desarrollo Industrial Regional*, de acordo coa Lei 18/1982 do 26/5, que establece determinadas bonificacións e desgravacións sobre a base imponible. Este marco específico foi parcialmente modificado pola Lei 43/1995 de 27 de decembro do Imposto sobre Sociedades e as Leis 7/1996 de 7 de xuño e 10/1996 do 18 de decembro, de medidas fiscais urxentes.

**GARANTÍAS COMPROMETIDAS.** En contas de orde conségñase o risco vivo en concepto de garantías comprometidas, que ascende a 11.350.668 pesetas a 31/12/97, por avals concedidos a participadas.

## INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS E VARIACIÓNS PATRIMONIAIS MÁIS SIGNIFICATIVAS

A composición por vencementos das Inmobiliacións Financeiras durante os dous últimos exercicios foi a seguinte:

| Vencementos             | Participacións       | Revaluacións      | Préstamos non vencidos |
|-------------------------|----------------------|-------------------|------------------------|
| Compromisos vencidos    | 328.603.518          | 58.180.103        | —                      |
| Vencementos 1997        | 30.000.000           | 37.388.604        | 205.728.132            |
| 1998 e seguintes        | 1.227.633.084        | —                 | 586.367.323            |
| <b>SALDO (31/12/96)</b> | <b>1.586.236.602</b> | <b>95.568.707</b> | <b>792.095.455</b>     |
| Compromisos vencidos    | 181.225.701          | 42.779.713        | —                      |
| Vencementos 1998        | 80.000.000           | 33.900.051        | 188.911.427            |
| 1999 e seguintes        | 1.774.723.084        | —                 | 742.455.871            |
| <b>SALDO (31/12/97)</b> | <b>2.035.948.785</b> | <b>76.679.764</b> | <b>931.367.298</b>     |

Os valores subscritos de renda fixa teñen o seu vencemento o 15 de xuño do 2003 e o 10 de marzo do 2004 a partes iguais.

As variacións patrimoniais rexistradas nos dous últimos exercicios foron:

| Movementos               | Participacións       | Revaluacións      | Préstamos non vencidos | Valores de renda fixa |
|--------------------------|----------------------|-------------------|------------------------|-----------------------|
| <b>SALDO (31/12/95)</b>  | <b>1.254.237.002</b> | <b>82.873.864</b> | <b>1.075.852.808</b>   | <b>600.000.000</b>    |
| Altas                    | 396.783.600          | 94.279.526        | 51.698.000             | 600.000.000           |
| Baixas                   | 30.440.628           | 81.584.683        | 328.092.128            | —                     |
| Aplicación de provisións | 34.343.372           | —                 | 7.363.225              | —                     |
| <b>SALDO (31/12/96)</b>  | <b>1.586.236.602</b> | <b>95.568.707</b> | <b>792.095.455</b>     | <b>1.200.000.000</b>  |
| Altas                    | 729.864.000          | 79.161.589        | 380.000.000            | —                     |
| Baixas                   | 237.651.817          | 96.513.546        | 240.728.157            | —                     |
| Aplicación de provisións | 42.500.000           | 1.536.986         | —                      | —                     |
| <b>SALDO (31/12/97)</b>  | <b>2.035.948.785</b> | <b>76.679.764</b> | <b>931.367.298</b>     | <b>1.200.000.000</b>  |



O movemento do saldo de provisión, incluído o fondo de autoseguro, foi o seguinte:

|                       |                    |
|-----------------------|--------------------|
| <b>SALDO 31/12/95</b> | <b>397.992.803</b> |
| Dotacións             | 77.031.396         |
| Aplicacións           | 48.536.271         |
| <b>SALDO 31/12/96</b> | <b>426.487.928</b> |
| Dotacións             | 53.453.195         |
| Aplicacións           | 47.045.134         |
| <b>SALDO 31/12/97</b> | <b>432.895.989</b> |

As aplicacións durante 1997 destináronse ao saneamento do in-mobilizado financeiro por 44.036.986 pesetas, segundo o desglose descrito, correspondendo o resto, 3.008.148 pesetas, ao saneamento de debedores.





## .....

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

O acontecemento máis relevante do pasado ano 1997 foi, sen dúbida, a celebración do 25 Aniversario da fundación de SODIGA. Con tal motivo celebrouse o 23 de xuño unha Xornada Conmemorativa no Hostal dos Reis Católicos que foi inaugurada polo Sr. Presidente da Xunta de Galicia e á que asistiron unhas 300 persoas, entre empresarios, directivos de entidades financeiras e responsábeis da Administración. Ao longo da Xornada actuaron como ponentes diversas personalidades da vida económica e política do país, todos eles conselleiros ou presidentes de SODIGA nun ou noutro momento da vida da Sociedade; encontrábase entre eles o que fora o seu primeiro Presidente e ex-Presidente do Goberno español, Sr. Calvo Sotelo. A Xornada foi clausurada polo Conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, D. José Antonio Orza.

Tamén para conmemorar o 25 Aniversario, G.E.I.E. Eurodéveloppement acordou celebrar unha das súas reunións anuais no Palacio de Congresos de Compostela. A G.E.I.E. Eurodéveloppement é unha Agrupación Europea de Interese Económico que está formada por unha ampla rede de sociedades financeiras de desenvolvemento rexional de diferentes países comunitarios, á que pertence SODIGA. O 13 de novembro tivo lugar o mencionado encontro, que foi protagonizado polas sociedades membros da Agrupación acompañadas por outras sociedades de desenvolvemento territorial, empresarios e representantes da Administración. Durante toda a xornada e en diversas mesas redondas se discutiron aspectos relacionados co próximo cambio de escenario económico e monetario da U.E. e a súa posíbel repercusión na actuación e estratexia das sociedades financieras de desenvolvemento territorial.

No que respecta á actividade de SODIGA durante 1997, tres son os aspectos do exercicio que merecen especial atención: actividade investidora, evolución dos ingresos financeiros e da rendibilidade da Sociedade e, finalmente, o referente ao esquema de financiamento do investimento de SODIGA e as súas perspectivas inmediatas.

- O nivel de investimento financeiro pode ser cualificado de excelente, na liña dos dous exercicios precedentes.
- Os resultados da actividade financeira de SODIGA durante 1997 mostran en cambio un significativo recorte respecto ao nivel alcanzado en 1995 e 1996.
- O financiamento da actividade investidora podería minguar na medida en que se intensifique a orientación cara o investimento con prazo de saída incondicionado e se restrinxan as dotacións públicas en concepto de subvencións de capital; nestas circunstancias SODIGA non podería manter o nivel de investimento alcanzado no trienio 1995/97.

I. O INVESTIMENTO FINANCEIRO de SODIGA experimentou un salto significativo no ano 1995 coincidindo coa toma da maioría da Sociedade por parte da Xunta de Galicia e do IGAPE.

Quinquenio 1993 / 97:  
Investimento executado (en millóns de pesetas):

|      | Participacións | Préstamo | Obrigacións | Investimento |
|------|----------------|----------|-------------|--------------|
| 1997 | 730            | 380      | —           | 1.110        |
| 1996 | 397            | 52       | 600         | 1.049        |
| 1995 | 495            | 312      | 600         | 1.407        |
| 1994 | 55             | 351      | —           | 406          |
| 1993 | 185            | 375      | —           | 560          |
|      | 1.862          | 1.470    | 1.200       | 4.532        |

O salto observado na capacidade de investimento de SODIGA a partir de 1995 explícase basicamente pola creación por parte do IGAPE do F.F.I. (Fondo de Financiamento para o Investimento, formulado como subvencións de capital ao investimento). A chegada de recursos para o investimento por esta vía alcanzou cifras significativas no último trienio: 1995, 386 millóns; 1996, 585 millóns; 1997, 377 millóns de pesetas.

En ausencia destes recursos adicionais SODIGA habería de ter acompañado o seu ritmo de investimento aos recursos procedentes do cash flow xerado e da liquidación de operacións de desinvestimento e o nivel de risco asumíbel nos proxectos aprobados tería previsibelmente que terse moderado.



A actividade de investimento durante 1997 desenvolveuse da seguinte maneira:

|                               | Recursos ordinarios | Recursos F.F.I. | Total |
|-------------------------------|---------------------|-----------------|-------|
| Participación en capital      | 353                 | 377             | 730   |
| Con compromiso de revaluación | 286                 | —               | 286   |
| Sen compromiso de revaluación | 67                  | 377             | 444   |
| Préstamos                     | 380                 | —               | 380   |
| Investimento executado        | 733                 | 377             | 1.110 |

O investimento financiado con recursos procedentes do F.F.I. foi destinado, igual que nos exercicios precedentes, a operacións de consolidación e de especial interese estratéxico, destacando fundamentalmente dúas operacións: Arteixo Telecom (180 millóns) e Grupo Lácteo Galego (188 millóns).

O investimento do exercicio 1997 materializouse en 24 operacións de financiamento que afectaron a 21 empresas, alcanzándose así mesmo o máximo de tomas de participación en toda a historia de SODIGA se exceptuamos o ano 1981.

Das 19 empresas participadas 15 fórono por primeira vez, 3 delas teñen carácter instrumental (Facor, Sotavento Galicia e Bioetanol) e abren perspectivas de forte desenvolvemento nos anos 1998 e 1999, outras 2 se inscriben no Programa Lanza de fomento á nova iniciativa empresarial (Ostras Galicia e Bomob).







Investimento 1997

|                          | Participación | Préstamo | Sector       |
|--------------------------|---------------|----------|--------------|
| Arteixo Telecom          | 180,0         | —        | Electrónica  |
| Grupo Lácteo Galego      | 187,5         | —        | Alimentación |
| Privilege A.S.           | —             | 140      | Materiais    |
| Allarluz                 | 30,0          | —        | Energía      |
| Playdesa                 | —             | 50       | Plásticos    |
| Pino Herramientas        | 40,0          | —        | Mecánica     |
| Fca. Armas Coruña        | 3,0           | —        | Mecánica     |
| Ostras Galicia           | 2,0           | —        | Alimentación |
| Bomob del Atlántico      | 7,5           | —        | Mobiliario   |
| Dinak                    | 50,0          | 75       | Equipamentos |
| Minorsa                  | 15,0          | 65       | Materiais    |
| Pescanova Chapela        | 130,0         | —        | Alimentación |
| Sotavento Galicia        | 10,3          | —        | Energía      |
| Guimánher                | 7,5           | —        | Mecánica     |
| Transmisiones Eólicas G. | 5,6           | 50       | Mecánica     |
| Econoler                 | 30,0          | —        | Servizos     |
| Ferroplast               | 0,9           | —        | Automóvil    |
| Granitesa                | 15,0          | —        | Materiais    |
| Bioetanol                | 0,3           | —        | Energía      |
| Terras Gauda             | 12,6          | —        | Alimentación |
| Club Financiero Vigo     | 2,8           | —        | Servizos     |
|                          | 730           | 380      |              |



II. A EVOLUCIÓN DOS RESULTADOS, dos que depende en última instancia a capacidade autónoma de investimento de SODIGA, á parte dos recursos procedentes da rotación da carteira de investimentos, segue unha tendencia decrecente, congruente coa caída experimentada polos tipos de xuro nos mercados monetario e de capitais.

Quinquenio 1993 / 97:  
Contas de resultados  
(en millóns de pesetas)

|                      | 1997       | 1996       | 1995       | 1994       | 1993       |
|----------------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| <b>Ingresos</b>      | <b>366</b> | <b>418</b> | <b>420</b> | <b>364</b> | <b>495</b> |
| Ingresos financeiros | 310        | 380        | 358        | 320        | 420        |
| Outros ingresos      | 56         | 38         | 62         | 44         | 75         |
| <b>Gastos</b>        | <b>298</b> | <b>319</b> | <b>295</b> | <b>312</b> | <b>356</b> |
| Gastos correntes     | 220        | 205        | 211        | 217        | 228        |
| Dotacións            | 62         | 82         | 73         | 95         | 122        |
| Impostos             | 16         | 32         | 11         | —          | 6          |
| <b>Resultados</b>    | <b>68</b>  | <b>99</b>  | <b>125</b> | <b>52</b>  | <b>139</b> |
| <b>Cash Flow</b>     | <b>98</b>  | <b>170</b> | <b>198</b> | <b>147</b> | <b>261</b> |

O último quinquenio veu marcado pola tendencia ao recorte dos ingresos que provocou unha caída sistemática dos resultados a pesar da manifesta estabilización dos gastos operativos. A respecto destes é pertinente sinalar que o aparente repuntamento dos gastos correntes durante 1997 obedeceu fundamentalmente a aforros circunstanciais producidos nos gastos de persoal durante 1996, así como aos gastos extraordinarios derivados da conmemoración do XXV aniversario de SODIGA.

A significativa contracción dos resultados e do cash flow durante os tres últimos exercicios debe ser correlacionada co recorte dos tipos de mercado xa mencionado.

.....

Adoptando como índice significativo do recorte experimentado polos tipos de xuro a evolución dos tipos oficiais establecidos polo Banco de España nas súas subastas decenais, o perfil do axuste durante o último quinquenio é o seguinte:

|                |         |
|----------------|---------|
| 22 / 01 / 1993 | 13,25 % |
| 25 / 01 / 1994 | 8,75 %  |
| 04 / 01 / 1995 | 8,00 %  |
| 01 / 01 / 1996 | 9,00 %  |
| 16 / 01 / 1997 | 6,00 %  |
| 15 / 12 / 1997 | 4,75%   |

A forte contracción dos tipos de xuro, dos que depende en definitiva o prezo de contratación das operacións de investimento de SODIGA, non tivo unha exacta correspondencia nos recortes producidos nos ingresos da Sociedade. Podería sorprender a primeira vista a boa resistencia dos ingresos financeiros á erosión provocada pola caída dos tipos de mercado.

A razón desta resistencia reside en dous mecanismos compensatorios: o ritmo de traslación do axuste de tipos a través das operacións de renegociación de operacións e reinvestimento e, sobre todo, á estabilidade do rendemento da carteira de obrigacións constituída en 1995 e 1996.

Existe unha terceira razón deste bo comportamento dos ingresos financeiros perante o proceso de caída de tipos de xuro: os rendementos adicionais procedentes dos recursos achegados pola vía do F.F.I. É certo que a súa contribución aos ingresos límitase aos procedentes do financiamento parcial da operación de suscripción de obrigacións posto que o resto dos recursos achegados do F.F.I. foron inmovilizados en operacións de capital risco sen rendemento pactado. Así e todo, a contribución adicional dos recursos procedentes do F.F.I. á estabilización dos ingresos financeiros é importante: 17 millóns adicionais no exercicio 1995, 57 en 1996 e 64 en 1997.





.....

III. O panorama de actuación aberto a SODIGA no actual escenario económico, caracteriza-  
do pola culminación dos axustes económicos fundamentais, a esta-  
bilidade a baixo nivel de prezos e tipos de xuro e a reactivación in-  
dustrial, comporta novas exixencias tanto no nivel de investimento  
como na súa instrumentación.

En canto ao mantemento da actividade de investimento parece per-  
tinentemente avanzar a proposta de acometer unha significativa amplia-  
ción de recursos que permita conservar un nivel de investimento su-  
perior aos 1.000 millóns de pesetas anuais, en liña co alcanzado nos  
tres últimos exercicios.

Esta exixencia é tanto máis razoábel canto que o tipo de operacións  
demandadas pola industria se orienta cada vez máis cara as tomas  
de participación sen contratos de revaluación, con prazos dilata-  
dos, ou incluso cara o financiamento baixo a fórmula de préstamo  
participativo, que impiden unha rotación rápida de activos dificul-  
tando como consecuencia o financiamento de novas operacións con  
recursos procedentes da liquidación de operacións con desinvesti-  
mento previamente pactado.

A cuestión estratéxica esencial da capacidade financeira de SODIGA  
para atender os compromisos derivados do seu obxecto social nas  
actuais circunstancias non nos pode facer esquecer outro aspecto de  
especial importancia como é o do financiamento da actividade co-  
rrente: gastos ordinarios de persoal e servizos externos máis dota-  
cións de provisións á carteira de investimentos. A progresiva erosión  
dos ingresos derivada do axuste de tipos antes comentado conduce  
á Sociedade a un escenario inmediato de equilibrio de resultados, que  
podería deteriorarse facilmente na medida en que as circunstancias  
económicas e a calidade do novo risco industrial asumido deman-  
dasen unha intensificación da política de dotacións de saneamento  
á carteira de investimentos.

O exame do esquema de financiamento do investimento de SODI-  
GA durante 1997 e a súa comparación co exercicio anterior permi-  
tiranos derivar algunhas conclusións sobre a capacidade financeira  
actual e futura da Sociedade.

Cadro de financiamento:

|                                                       | Aplicacións |       | Orixe |       |
|-------------------------------------------------------|-------------|-------|-------|-------|
|                                                       | 1997        | 1996  | 1997  | 1996  |
| Recursos das operacións                               | —           | —     | 98    | 170   |
| Subvencións de capital                                | —           | —     | 367   | 510   |
|                                                       | —           | —     | 465   | 680   |
| Inmobilizado inmaterial                               | 1           | —     | —     | —     |
